

# Instalación e Configuración xeral de Moodle

## Introdución

Moodle é un sistema libre de xestión de cursos. A este tipo de ferramentas tamén se lles chama LMS (Learning Management System), facilitando o ensino e a aprendizaxe colaborativa. As seguintes instrucións son para a instalación do Moodle en Ubuntu.

## Pasos previos: Apache, PHP5 e mySQL

Antes de instalar Moodle hai que instalar Apache, PHP5 e mySQL.

- Para instalar o apache:

```
sudo apt-get install apache2
```

Posteriormente hai que editar o ficheiro de configuración default:

```
sudo nano /etc/apache2/sites-available/default
```

Hai que inserir nel a seguinte liña dentro da directiva VirtualHost:

```
DirectoryIndex index.php index.html index.htm
```

Finalmente reiniciamos o Apache:

```
sudo /etc/init.d/apache2 restart
```

- Hai que instalar tamén o php5. Para iso teclea:

```
sudo apt-get install php5 php5-mysql php5-gd php5-curl php5-xmllrpc
```

- Instala tamén o mySQL:

```
sudo apt-get install mysql-server
```

Unha vez instalado o mySQL hai que crear unha base de datos que se chamará moodle. Para iso executamos o seguinte comando que permite iniciar sesión en mySQL:

```
mysql -u root -p
```

Creamos a base de datos:

```
CREATE DATABASE moodle DEFAULT CHARACTER SET utf8 COLLATE utf8_unicode_ci;
```

Outorgamos os permisos necesarios ao usuario de Moodle:

```
GRANT SELECT,INSERT,UPDATE,DELETE,CREATE,DROP,INDEX,ALTER ON moodle.* TO usuario_moodle@localhost IDENTIFIED BY 'o_contrasinal';
```

Sáímos de MySQL executando:

```
quit
```

Por último, reiniciamos mySQL:

```
mysqladmin -p reload -u root
```

Os pasos anteriores correspondentes ao mySQL tamén se poden realizar co [phpmyadmin](#).

## Instalación de Moodle

O Moodle non está nos repositorios de Ubuntu, así que hai que [descargalo da páxina oficial](#).

Unha vez descargado descomprimos o ficheiro nun directorio:

```
tar xzvf moodle-weekly-19.tgz
```

Movemos o cartafol moodle a /var/www/ que é onde, por defecto, se aloxan as páxinas web en Apache2:

```
sudo mv moodle /var/www/
```

Moodle necesita un directorio para almacenar ficheiros. Por seguridade non debe estar accesible desde a web polo que o crearemos en /var co seguinte comando:

```
sudo mkdir /var/moodledata
```

A continuación debemos cambiar o propietario do directorio para que Moodle poida acceder a el:

```
sudo chown -R nobody:www-data /var/moodledata
```

Tamén lle cambiamos os permisos co mesmo fin:

```
sudo chmod -R 0770 /var/moodledata
```

A partir de aquí a instalación pode facerse en modo gráfico a través do navegador web introducindo na barra de direccións <http://localhost/moodle> e seguindo os pasos da instalación.